**_ORDE do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprol Economía social) e se convocan para o ano 2025. Consellería_ de Emprego, Comercio e Emigracion. DOG Nº 24 (05/02/2025)**

## Obxecto e finalidade

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria coa finalidade de fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais e apoiar o desenvolvemento de proxectos de emprendemento colectivo en empresas de economía social.

2. Establécense os seguintes programas de axudas:

**a) Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais** (procedemento TR802G).

**b) Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia** (procedemento TR802J).

## Subvencións baixo condicións de minimis

Os incentivos establecidos nesta orde quedan sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos nos seguintes regulamentos, segundo proceda.

# Programa I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

## Finalidade

Este programa ten por obxecto establecer incentivos para o fomento da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido ou en proba.

## Entidades beneficiarias e condicións para a obtención do incentivo

1. Poderán acollerse aos incentivos previstos neste programa **as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como persoas socias traballadoras ou de traballo** con carácter indefinido, en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, as seguintes persoas:

a) Persoas que no momento da incorporación sexan **desempregadas** inscritas como demandantes de emprego.

b) Persoas que no momento da súa incorporación **estean vinculadas á cooperativa** ou sociedade laboral por un **contrato de traballo fixo discontinuo**.

**Santiago de Compostela.** Rúa Tomiño, nº 22 - Soto. 15703 - Stgo. de Compostela. A CORUÑA. Aptdo.: 2069. **T** 981 584 783 - 981 584 911 **F** 981 571 730 agaca@agaca.coop
**Lugo.** Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30 - Etplta. 27004 - Lugo. LUGO. **T** 982 201 514 - 982 201 543 **F** 982 202 056 agacalugo@agaca.coop
**Ourense.** Rúa Bedoia, nº 7 - 2º - Of. 1. 32004 - Ourense. OURENSE. **T** 988 242 481 **F** 988 242 480 agacaourense@agaca.coop
**www.agaca.coop**

c) Persoas que no momento da súa incorporación sexan socias a proba da cooperativa a que se incorporan, sempre e cando estiveren desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no momento de incorporarse como tales persoas socias a proba.

d) Persoas que no momento da súa incorporación sexan persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada.

## Contía dos incentivos

1. Por cada persoa que se incorpore con carácter indefinido e a xornada completa, a subvención ascenderá a **6.000 € con carácter xeral**.

Esta contía incrementarase nas porcentaxes que se sinalan a seguir, **que son acumulables entre si**:

a) Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.

b) Un 25 % se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

c) Un 25 % se a persoa incorporada ten unha discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral que cumpra as condicións definidas no artigo 5.d) desta orde

d) Un 25 % se a persoa incorporada ten máis de 45 anos.

e) Un 25 % se a persoa incorporada ten a condición de emigrante retornada.

f) Un 25 % se a persoa ten a condición de trans

g) Un 25 % no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural.

h) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil.

i) Un 25 % se se trata dunha entidade de nova creación constituída inicialmente con catro ou mais persoas socias traballadoras.

2. Por cada **mozo ou moza incorporada como persoa socia traballadora ou de traballo** en proba, a subvención ascenderá a **600 € ao mes, por un período de entre 6 e 12 meses**.

3. Cando a dedicación sexa a tempo parcial ou en condición de fixo descontinuo, nos termos previstos no artigo 24.3, a contía dos incentivos previstos nos números anteriores reducirase ao 50 %

4. A **contía máxima** que poderá ser concedida a unha entidade beneficiaria por subvencións con cargo a **este programa será de 67.500 euros**.

No caso de que a suma das contías que resulten en aplicación dos parágrafos anteriores sexa superior á subvención máxima que é posible outorgar, atribuirase a cada incorporación a contía que proporcionalmente lle corresponda.

# Programa II: fomento do acceso á condición de persoa socia

## Finalidade

Este programa de subvencións está dirixido **ao fomento do acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo**, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como ao **fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas**. Este acceso facilitase mediante o financiamento das achegas económicas ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.

## Persoas beneficiarias e condicións para obter a subvención

1. Poderán ser persoas beneficiarias deste programa de subvencións **as persoas que accedan á condición de persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral con carácter indefinido,** que desenvolvan a súa actividade nun centro de traballo situado na Comunidade Autónoma de Galicia e que, no momento da súa incorporación, **cumpran algunha das condicións seguintes:**

a) Seren persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego.
b) Seren persoas socias a proba da cooperativa á cal se incorporan.
c) Seren persoas asalariadas da cooperativa ou sociedade laboral á cal se incorporan.
d) Seren persoas asalariadas dunha empresa que se transforme nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada.
e) Seren persoas socias traballadoras ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral a tempo parcial que accedan á mesma condición a tempo completo.

2. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas que, sendo desempregadas e **inscritas como demandantes de emprego, emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade, para comercializaren os seus produtos, obter subministracións,** servizos e a asistencia técnica que precisen, sempre que teñan o seu domicilio social e fiscal en Galicia. A incorporación como persoa socia na cooperativa deberá producirse dentro do período de execución establecido no artigo 35 desta orde. **Entre o inicio da actividade por conta propia e a dita incorporación non poden ter transcorrido máis de dous anos**. NOTA: E O CASO DOS SOCIOS QUE SE INCORPORAN A UNHA COOPERATIVA AGRARIA

## Contía das subvencións

1. As subvencións previstas neste programa poderán ascender ás contías seguintes:

a) Para as persoas beneficiarias previstas no artigo 28.1, letras a), b) c) e d), e no artigo 28.2, ata 6.000,00 €.

b) Para as persoas beneficiarias previstas no artigo 28.1, letra e), ata 3.000,00 €.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

a) Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller.

b) Un 25 % se a persoa incorporada ten discapacidade ou se atopa en situación ou risco de exclusión social.

**Santiago de Compostela.** Rúa Tomiño, nº 22 - Soto. 15703 - Stgo. de Compostela. A CORUÑA. Aptdo.: 2069. **T** 981 584 783 - 981 584 911 **F** 981 571 730 agaca@agaca.coop
**Lugo.** Rúa Poeta Noriega Varela, nº 30 - Etplta. 27004 - Lugo. LUGO. **T** 982 201 514 - 982 201 543 **F** 982 202 056 agacalugo@agaca.coop
**Ourense.** Rúa Bedoia, nº 7 - 2º - Of. 1. 32004 - Ourense. OURENSE. **T** 988 242 481 **F** 988 242 480 agacaourense@agaca.coop
**www.agaca.coop**

c) Un 25 % se a persoa incorporada ten unha discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral que cumpra as condicións definidas no artigo 5.d) desta orde

d) Un 25 % se a persoa incorporada ten máis de 45 anos.

e) Un 25 % se a persoa incorporada ten a condición de emigrante retornada.

f) Un 25 % se a persoa ten a condición de trans

g) Un 25 % no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia estea situado nun concello rural.

h) Un 25 % se se trata dunha cooperativa xuvenil.

i) Un 25 % se se trata dunha entidade de nova creación constituída inicialmente con catro ou mais persoas socias traballadoras.

3. 3. Cando a dedicación da persoa incorporada sexa a tempo parcial ou en condición de fixa descontinua nos termos previstos no artigo 30.4, a contía máxima dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

## Presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes **finalizará o 16 de setembro de 2025,** agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

## Período de execución das accións

O período de execución de accións abranguerá desde o **1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025**.